UNIDADE 11. RESUMO

Recorda

- *A función fundamental do nominativo é a de suxeito.*
- *Co vocativo chámase a persoas ou cousas personificadas.*
- *O acusativo ten dúas funcións fundamentais, complemento directo e complemento circunstancial de dirección e extensión.*
- *O xenitivo propio pode ser complemento dun substantivo, dun adxectivo ou dun verbo. O xenitivo-ablativo expresa a separación ou afastamento dun punto e a comparación.*
- *O dativo indica a persoa ou cousa á que se dá, se atribúe ou se lle quita algo, pero tamén ten funcións de instrumental e de locativo.*
- *Os deuses gregos eran antropomorfos, non eran eternos, pero si inmortais e sempre mozos.*
- *As relixións mistéricas, a diferenza da relixión da polis, prometen un destino mellor no outro mundo a quen se inicie nelas.*
- *Un gran número de palabras da relixión, incluso da cristiá, proceden do grego, a través do latín, por razóns históricas: o cristianismo estendeuse dende o ámbito hebreo ao xudeo-helenístico e, de aí, a Roma.*
- *Para traducir é necesario coñecer a gramática e a sintaxe, ler atentamente e buscar o léxico nun vocabulario ou nun dicionario.*
- *É conveniente empezar sempre polos verbos porque son os que máis información nos proporcionan.*
- *A tradución non ten que conter nada que non estea no orixinal e tampouco ten que faltarlle nada.*